

I CONCURSO DE DECLARACIÓN DE AMOR CON HUMOR



Porque xa está ben de repetir sempre as mesmas bobadas cando falamos de amor,

porque non é obrigatorio poñerse cursi,

porque só as persoas que nunca escribiron unha carta de amor son ridículas

a Biblioteca Escolar presenta esta primeira convocatoria do **Concurso Declaracións de Amor con Humor**.

Declaracións de **AMOR** en todas as súas variantes:

verdadeiro,

platónico,

namoramento,

desamor,

paixón...

Ademais a declaración pode estar dirixida a calquera destinatario: un personaxe imaxinario, Barack Obama, a moza de teu irmán, os ollos de Angelina Jolie, a puntería de Messi, o televisivo Gayoso, Rita a Cantaora, o waka-waka, o teu peor inimigo ou o último lince ibérico.

Nos paneis da biblioteca atoparás moitas ideas!

BASES:

1. Poderán participar:
 - a. **alumnos** de 4º a 6º de Educación Primaria
 - b. alumnos de 1º a 4º de ESO
 - c. profesores, pais, nais e persoal non docente
2. Única condición: non ser moroso.
3. Prazo de entrega: **10 de febreiro de 2011.**
4. Categorías:
 - a. 4º a 6º de EP
 - b. 1º e 2º de ESO
 - c. 3º e 4º de ESO
 - d. ADULTOS
5. Admitirase un máximo de unha declaración de amor por participante.
6. Admitiranse os seguintes formatos:
 - a. **TEXTO SIMPLE**
 - b. **TEXTO ILUSTRADO**
 - c. **DIPOSITIVAS EN POWER POINT**
 - d. **IMAXE**
 - e. **VIDEO**
 - f. **SON...**
7. Os documentos poderán entregarse en papel ou remitirse en formato dixital á seguinte dirección de correo electrónico: equipobiblio@gmail.com
Indicarase no ASUNTO: DECLARACIÓN DE AMOR
e no TEXTO DA MENSAXE: Nome, apelidos, curso e categoría á que se presenta o concursante.
8. O textos deberán ser inéditos e orixinais. Aqueles textos que sexan recoñecidos como plaxios serán descualificados.
9. As declaracións de amor poderán estar escritas en lingua galega, castelá, inglesa e francesa.
10. O xurado estará formado polo equipo da biblioteca.
11. A decisión do xurado será inapelable.
12. O fallo do xurado terá lugar o mércores **16 de febreiro.**
13. Os participantes autorizan a publicación dos seus traballos no blog da biblio.